

Luís Valle gaña o Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía

Publicado o [27/02/2015](#)



Na tarde de onte, na Sala A de traballo da Biblioteca Ánxel Casal de Compostela, Carmen Carreiro, Luís Cochón, Mercedes Queixas e servidor xuntamos para decidir cal había ser o poeta distinguido este ano co Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, certame mozo que, secasí, chega xa á súa terceira edición.

Carreiro é a alma deste premio, pois ela foi quen o ideou e quen o anima dende a presidencia da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe de Fornelos de Montes, terra do [escritor](#), que tamén se comprometeu na organización dende o [concello](#), pois é esta a entidade patrocinadora do mesmo coa axuda da Deputación Provincial e mais de [Sotelo Blanco](#), selo que publica as obras gañadoras.

Xunto a ela, que actuou con voz e sen voto, Cochón, Queixas e eu deliberamos por espazo de dúas horas para ir peneirando entre os trinta e nove títulos que se presentaron nesta convocatoria, unha cifra que confirma a boa saúde do certame, no que se contou con poemarios de estimable altura.

Logo das correspondentes cribas, rematamos por escoller o orixinal presentado a concurso baixo o título *As cicatrices do Sol* e o pseudónimo Dylan Dog, curiosa máscara (remite a un famoso cómic italiano de Tiziano Sclavi considerado de culto entre os amantes do Fumetto



Nero) tras da que, aberta a plica, resultou agocharse Luís Valle, poeta lucense cunha traxectoria importante que o levou a obter no 2008 o Premio de Poesía Caixanova coa obra *A caída* e no 2010 o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón con *Fedor*, aos que sumou ultimamente *Caderno do mendigo*, publicado por Barbantesa no 2012.


As cicatrices do Sol sorprendeunos pola forza simbólica dos seus textos. Hai nel un elaborado urdido no que van tecéndose fías dun a outro poema que remiten a conceptos clave que cómpre decodificar axeitadamente para a comprensión do conxunto: as raíces, os anxos, as espiñas, os cervos, os corvos e as pombas ou as babas e os caracois son algunhas presenza que proporcionan a este territorio lírico unha consistencia significativa alén do aparental.

Gustou, tamén, a orixinalidade da imaxinería que sostén o poema, posuidor dunha singular dicción que moitas veces relanza os versos cara a unha entidade dialóxica intermedia á que a voz poética dirixe proclamas. Alentan as composicións nunha atmosfera oracular, mesmo por veces non dubidan en internarse nos eidos do profético, alzando a palabra para revelar verdades superiores que se enxergan ocultas e que desvelan a súa epifanía facendo que a

plenitude solar disipe océanos de sombra.

As cicatrices do Sol déixase acompañar da mellor ascendencia, dende Iglesia Alvariño ata Blake pasando por Rilke, Eliot ou Montale. Hai aquí unha escrita que, xa dende o puramente gráfico, aposta polo desusado e que, vista na súa globalidade, transparente unha sólida arquitectura onde as partes están ao servizo do todo e onde as remisións simbólicas e pragmáticas internas cohesionan fortemente o discurso.

Vai apenas unha mostra deste poderoso *As cicatrices do Sol* que o vindeiro 12 de abril se presentará, publicado por Sotelo Blanco, no marco da entrega do galardón ao gañador nas terras de Fornelos de Montes.



The lust of the goat...

William Blake

NA CUBA inclinada da verda-
de nos ósos acesos da
memoria, sangra a lingua-
xe. Unha ave cruza a paz do
libro en chamas; unha ave

sen plumas cruza o libro.
(Esfíase o nada, esgótase a
verdade) Avanzo en silen-
cio, coa pomba cravada na
espiña, e a espiña cravada
na terra, e a cova cravada
no libro. Vixío esa cabra
hipostática. O sentido da
luz ten o seu rostro.